

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE NOVEMBRO DE 2015**

A C T A

Ás 16:00 horas do día indicado reúnen-se na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arízaga, Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos, e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Disculpan a súa asistencia (2):

Belén Riveiro, Mercedes Solla Carracelas.

Con voz pero sen voto (1):

Susana Reboreda.

ORDE DO DÍA:



1.- Informe da coordinadora.

A coordinadora comunica que á reunión de todos os mestrados da UVigo convocada dende a vicerreitoría de profesorado e titulacións, asistirá Beatriz Vaquero en calidade de secretaria.

Tamén comunica o chamamento feito dende a ORI para asinar novos convenios específicos e de intercambio de estudos na convocatoria Erasmus+ para que os membros da CAM o difundan entre o profesora e recollan as posibles propostas.

2.- Aprobación, se procede, das actas das sesións do 29/09/2015 e 20/10/2015.

Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 29/09/2015 e 20/10/2015.



3.- Aprobación, se procede, do procedemento para a realización de enquisas do VAD no primeiro cuadrimestre do curso 2015/2016.

Acordouse continuar coa realización das enquisas do VAD a través da plataforma de teledocencia, importándoas dende a páxina de coordinación de profesorado. A coordinadora comprometeuse a enviar un correo ao profesorado explicando como se poden importar as enquisas.

As coordinacións de módulo encargaranse de que todas as materias importen a enquisa e dende a coordinación do mestrado avisarase ao alumnado de que están disponibles para que poidan facelas.

4.- Aprobación, se procede, do *Plan de Acción Titorial* do curso 2015/2016.

Aprobado o procedemento para a realización de enquisas do VAD e a asignación de titores do PAT, apróbase que o profesorado debe enviar un correo aos seus titorandos –do curso actual e do pasado- para iniciar os contactos.

5.- Aprobación, se procede, do *Informe de Seguimento Provisional da Titulación*.

Apróbase o informe coas observacións e información enviada pola profesora Natalia Caparrini.

Co cambio do procedemento de realización de informes de seguimento cada titulación conta cun informe específico, que se subirá á web da Facultade (ANEXO 1).



6.- Aprobación, se procede, de modificacións da *Memoria da Titulación*.

Modifícase a memoria porque faltaban algunhas competencias e cambios na redacción dos resultados de aprendizaxe (ANEXO 2).

7.- Aprobación, se procede, do *Plan de Melloras da Eficiencia* do curso 2016/2017.

Propóñen os seguintes cambios na normativa do TFM:

- entrega do título e proxecto en febreiro.
- potenciar as reunións cos titores e exixir maior desenvolvemento nos proxectos presentados.



- subir á web os proxectos de TFM e solicitar aos autores permisos para publicar unha ficha persoal

Apróbase por asentemento o *Plan de Melloras da Eficiencia* para o curso 2016/2017 (ANEXO 3).

8.- Acordo sobre a conveniencia de activar accións do *Plan de Melloras da Eficiencia* no curso 2015/2016.

Acórdanse os prazos de execución do plan de melloras incluídos no plan aprobado no punto 7 da orde do día e fomentar que os estudantes do curso presente presenten -de forma voluntaria- o proxecto do TFM en febreiro de 2015.

9.- Aprobación, se procede, da asignación de centro de prácticas do alumno Diego González Montero.

Apróbase por asentemento a asignación de centro de prácticas do alumnao Diego González Montero no AHPOu.

10.- Rogos e preguntas.

O profesor Álvaro Arizaga, defende a importancia de que a enquisa de avaliación das materias permita rectificar os resultados para o cal sería necesario permitir máis dun envío.

Tamén comunica que a participación no foro da súa materia está sendo altísima. A coordinadora aconsella que sempre que sexa posible se reconduzan as preguntas ao foro da materia.

Sen máis remata a sesión.


Ourense, a 11 de outubro de 2015

A Coordinadora


Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 02/12/2015.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: Informe de Seguimento Provisional da Titulación - 2015/2016.



Informe Máster
Valoración, Xestión

ANEXO 2: modificacións da Memoria da Titulación.



Proposta_modificac
ions_memoria_titula

ANEXO 3: Plan de Melloras da Eficiencia - 2016/2017.



Cadro_Plan_Mellora
s_2016_2017